

O EUME SEN VIOLENCIAS

Guía de recursos da Comarca do
Eume fronte á violencia de xénero



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



As Pontes de
García Rodríguez



CONCELLO DE
MONFERO



Autoría

Asociación Euroeume

www.euroeume.org

Edición

Novembro 2021

Asociación Euroeume

Rúa 8 de marzo, C.A.P.

15320 As Pontes

981 44 06 68

www.euroeume.org

igualdade@euroeume.org

Presentación

A violencia contra as mulleres

constitúese como unha das maiores lacras da nosa sociedade e configura a maior expresión de dominación e discriminación contra as mulleres.

A violencia de xénero enténdese como todo acto violento ou agresión baseado na situación de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poda ter como consecuencia dano físico, psicolóxico ou sexual, xunto coas ameazas de tales actos, a coacción e a privación da liberdade, tanto no ámbito público como no privado (Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero)

A violencia contra as mulleres **non só é a que se produce no marco da parella** senón que, se unha muller é acosada pola rúa ou se é agredida sexualmente, tamén é violencia. Ademais, a violencia **non só é física**, de xeito que comportamentos como as ameazas, o illamento, os berros e insultos, o control do diñeiro ou as agresións psicolóxicas supoñen formas de violencia contra as mulleres.

Cabe poñer especial fincapé na situación da violencia nos contextos rurais, pois os estudos realizados neste eido veñen a amosar que a saída das situacións de violencia se volve máis complexa nos medios rurais, dificultándose a accesibilidade aos recursos de atención (Martínez García y Camarero, 2015). Á súa vez, traballos como o realizado pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero (2020) sobre violencia de xénero no rural, poñen sobre a mesa cuestións tales como que o 60% das mulleres enquisadas tiñan coñecido algunha situación de violencia. Á súa vez, maniféstase que o recurso máis coñecido para facer fronte á violencia de xénero é o 016, mentres que se descoñece o papel dos recursos da comunidade, tales como os servizos de saúde, forzas de seguridade ou servizos sociais comunitarios.

Estes datos poñen sobre a mesa o valor da comunidade na loita contra a violencia de xénero que, en moitos casos, pode ser coñecedora da existencia dunha situación de violencia e, á súa vez, revelan a necesidade de facer visible o papel dos recursos comunitarios na loita contra as violencias.

Por este motivo, a presente Guía de Recursos pretende achegar á poboación da Comarca do Eume os recursos que se atopan dispoñibles na súa contorna para combater as violencias contra as mulleres. Estes dispositivos poderán prestar información, asesoramento e apoio social, psicolóxico e xurídico tanto ás mulleres que sofren violencia, como ás familias ou ás persoas coñecedoras dunha situación deste tipo.

Neste documento recolleranse aqueles servizos aos que a cidadanía pode acceder de xeito directo, sen necesidade de derivación por parte doutro servizo, nin de interpoñer unha denuncia. Estes servizos pretenden garantir os dereitos que a *Lei 1/2004 de medidas de protección integral contra la violencia de género* lle recoñece a todas as mulleres que sofren violencia de xénero: o dereito á información, á asistencia social integral e á asistencia xurídica.

Recursos xerais

Servizos de información

Existen diferentes dispositivos nos que a poboación poderá obter información sobre a violencia de xénero, os recursos dispoñibles para combatela e os dereitos recoñecidos ás persoas que a vivencian.

016

O **016** é o recurso para a información e asesoramento xurídico de persoas que sofren violencia de xénero, dispoñible as 24h, 365 días do ano.



016



016-online@mscbs.es



600 000 016

Teléfono da muller

En Galicia contamos co **teléfono da muller**, un servizo de información gratuíto, dispoñible as 24 horas, os 365 días do ano para mulleres. Este servizo presta asesoramento especializado sobre recursos, prestación sociais dispoñibles, dereitos, etc. No eido da igualdade e da violencia contra as mulleres.



900 400 273



[Guía do teléfono da muller](#)

Accesible para persoas xordas

Dispoñible en 51 idiomas

Teléfono ANAR

O teléfono ANAR presta información e asesoramento ás persoas **menores de 18 anos**, ante calquera situación de violencia



900 20 20 10

EscApp

Na App EscApp poderase atopar información en torno á violencia de xénero. Conta cunha interfaz segura e nela atoparanse respostas a moitas das dúbidas en torno á violencia.



Descarga a App para Android ([preme aquí](#)) ou para Apple ([preme aquí](#))

Libres

Tamén se atopa dispoñible a App LIBRES, descargable en Play Store, Samsung Apps ou Google Play ou entrando no seguinte enderezo dende o teu teléfono móbil.



Descarga a [App LIBRES](#)

Máis información

[Tutorial App Libres](#)

Agresión OFF

Agresión Off é unha aplicación de carácter informativo con información sobre recursos a onde dirixirse para apoio e maior información.



Descarga a [App Agresión Off](#)

Máis información

981 999 826

Asesoramento xurídico

Máis alá dos servizos de información xeral, existen algúns servizos que poderán prestar información específica de tipo xurídico, en materias relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes.

Servizo de asesoramento xurídico online

- **Servizo de asesoramento Xurídico Online** da Secretaría Xeral de Igualdade é un servizo de asesoramento xurídico vía web de carácter anónimo e gratuíto. Este aportará información e asesoramento xurídico sobre diversas cuestións: violencia de xénero, agresións e abusos sexuais, acoso sexual e conciliación familiar, discriminación por razón de sexo, trata con fins de explotación sexual



Para acceder ao servizo de asesoramento xurídico online [prema aquí](#)

Anónimo e confidencial

Gratuíto

Dispoñible 24h

Acompañamento psicolóxico

O acompañamento psicolóxico formúlase tamén como un elemento primordial para garantir unha atención integral fronte á violencia contra as mulleres. A continuación amósanse algúns recursos aos que a poboación pode ter acceso de xeito directo.

Apoio psicolóxico

O Colexio Oficial de Psicoloxía presta **apoio psicolóxico profesional** de xeito gratuíto a mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero, persoas a cargo ou outros membros da unidade familiar.



629 777 595

Atención psicolóxica de emerxencia

É un servizo de atención especializado de emerxencia dirixido a aquelas situacións máis graves ou con resultado de morte. Pode darse no domicilio ou en calquera outro lugar.



112

Intervención psicolóxica en casos de violencia sexual

Trátase dun programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, axudando a afrontar os desaxustes físicos, emocionais e relacionais producidos como consecuencia da violencia



607 11 66 42

981 26 99 55



centropsicoterapia@meninos.org

Programa Abramos o círculo

Este programa atópase dirixido a homes con problemas de control da violencia que queren relacionarse coas mulleres en igualdade e mellorar a comunicación coa súa parella, familia e persoas do seu entorno.



**630 17 01 40 (10-13 e de 16-19
horas)**



copgalicia@correo.cop.es

**Ante unha situación de emerxencia
chama ao 112 ou aos teléfonos de
emerxencias da Policía Nacional e
Garda Civil:**

| | | |
|---|-----------------------------------|------------|
| | Emerxencias | 112 |
|  | Policía Nacional | 091 |
| | Emerxencias Sanitarias | 061 |
| | Garda Civil | 062 |
|  | App ALERTCOPS | |

Recursos da Comarca do Eume

Se resides na Comarca do Eume, estes son os recursos máis próximos para prestarche **información, apoio e asesoramento**. Os recursos da túa contorna poden e deben apoiarte se te atopas nunha situación de violencia de xénero. **Non dubides en acudir.**

Os **servizos de saúde** darán resposta ás situacións de dano físico ou psicolóxico xeradas pola situación de violencia de xénero. Dende o sistema sanitario poderase producir a derivación aos recursos correspondentes no caso de querer interpoñer unha denuncia.

Pola súa parte, os **servizos sociais comunitarios** garantirán a prestación dunha atención social integral, tal e como se recoñece na lexislación para a loita contra a violencia de xénero. Isto implica a atención, a actuación en casos de emerxencia, a prestación de apoio e acollida, así como a recuperación integral. Os servizos sociais poderán, ademais, prestar información do proceso de denuncia e tamén dos recursos de protección, vivenda e económicos a disposición. Dende servizos sociais, poderán acreditar a situación de violencia de xénero, sen necesidade de interpoñer unha denuncia, de cara ao acceso a recursos de protección social.

A **Garda Civil e a Policía** será o espazo ao que acudir a presentar unha denuncia ou co que contactar para trasladar a existencia dunha situación de violencia. Os corpos e forzas

de seguridade encargaranse de informar á persoa que sofre violencia de xénero dos seus dereitos e dos recursos que están á súa disposición: atención psicolóxica, servizos de información e atención especializada, asistencia xurídica, dereitos laborais, etc.

Por último, os **Centros de Información á Muller** son dispositivos que garantizan unha intervención global e integral dirixida ás mulleres. Prestan atención presencial e poderás atopar neles asesoramento xurídico, social ou sociolaboral e psicolóxico, así como calquera outra información dirixida a favorecer a igualdade entre mulleres e homes.

Concello de A Capela

Servizos de saúde

ENDEREZO Lugar As Neves (15613) - A Capela

CONTACTO **Información** 981 49 24 81

Cita previa 981 45 91 54

Servizos sociais

ENDEREZO As Neves, 46 (15613) - A Capela

CONTACTO 981 45 90 37

Garda civil (As Pontes)

ENDEREZO R/Poblado do Muíño, s/n. 15320 As Pontes

CONTACTO 981 45 00 05

Centros de información á muller (CIM) da Comarca e arredores

AS PONTES

ENDEREZO R/ Rosalía de Castro, 28- 2º. Edif. Casa Dopeso, 15320. As Pontes

Cita previa 981 44 10 08

Teléfono 667 12 93 34

Psicóloga

CONTACTO

Correo electrónico carmen.rego@aspontes.org

Teléfono 673 91 84 64

**Avogada
(só venres)**

Correo electrónico juana.tenreiro@aspontes.org

ARES

ENDEREZO R/ Real s/n – 15624. Ares

981 44 83 54

CONTACTO **Cita previa**

cim@concellodeares.com

Concello de As Pontes

Servizos de saúde

ENDEREZO R/ Saúde S/N 15320

CONTACTO **Información** 981 33 46 99

Cita previa 981 45 12 51

Servizos sociais

ENDEREZO R/ Rosalía de Castro, 28- 2º. Edif. Casa Dopeso, 15320. As Pontes

Centro de servizos sociais 981 44 10 08

CONTACTO **Traballadora Social** **Teléfono** 667 12 93 99
Correo electrónico katia.rouco@aspontes.org

Traballadora social **Teléfono** 667 12 93 37
Correo electrónico celia.freire@aspontes.org

Centro de Información á Muller (CIM)

ENDEREZO R/ Rosalía de Castro, 28- 2º. Edif. Casa Dopeso, 15320. As Pontes

Cita previa 981 44 10 08

Teléfono 667 12 93 34

CONTACTO **Psicóloga**
Correo electrónico carmen.rego@aspontes.org

Teléfono 673 91 84 64

Avogada (só venres)
Correo electrónico juana.tenreiro@aspontes.org

Policía Local

ENDEREZO R/ 8 de marzo s/n 15320, As Pontes

CONTACTO 981 45 31 91

Garda Civil

ENDEREZO R/Poboado do Muíño, s/n.15320, As Pontes

CONTACTO 981 45 00 05

Concello de Cabanas

Servizos de saúde

ENDEREZO Lugar Cardeita - Cabanas (15622)

CONTACTO **Información** 981 49 59 77

Cita previa 981 43 31 13

Servizos sociais

ENDEREZO Rúa do Concello, s/n (15621) – Cabanas

CONTACTO **Teléfono** 981 49 59 59 (Ext.2)

Correo electrónico servizos.sociais@cabanas.gal

Servizos de acompañamento psicolóxico

ENDEREZO Rúa do Concello, s/n (15621) – Cabanas

CONTACTO **Teléfono** 981 49 59 59 (Ext.2)

Correo electrónico servizos.sociais@cabanas.gal

Policía Local

ENDEREZO Rúa do Concello, 3 (15621) – Cabanas

CONTACTO 650 780 123

Centros de información á muller (CIM) da Comarca e arredores

AS PONTES

ENDEREZO R/ Rosalía de Castro, 28- 2º. Edif. Casa Dopeso, 15320.
As Pontes

Cita previa 981 44 10 08

CONTACTO Psicóloga
Teléfono 667 12 93 34
Correo electrónico carmen.rego@aspontes.org

Avogada Teléfono 673 91 84 64

(só venres) Correo electrónico juana.tenreiro@aspontes.org

ARES

ENDEREZO R/ Real s/n – 15624. Ares

CONTACTO Cita previa 981 44 83 54

cim@concellodeares.com

Concello de Monfero

Servizos de saúde

ENDEREZO Lugar Rebordelo (15619) Monfero

CONTACTO **Información** 981 33 47 95

Cita previa 981 79 38 32

Servizos sociais

ENDEREZO Lugar Rebordelo, 1 (15619) Monfero

CONTACTO **Información** 981 79 38 85

Cita previa 981 77 69 02

Garda civil (Irixoa)

ENDEREZO R/ Cuatro caminos s/n

CONTACTO 981 79 30 11

Centros de información á muller (CIM) da Comarca e arredores

AS PONTES

ENDEREZO R/ Rosalía de Castro, 28- 2º. Edif. Casa Dopeso, 15320. As Pontes

Cita previa 981 44 10 08

Psicóloga Teléfono 667 12 93 34

CONTACTO Correo electrónico carmen.rego@aspontes.org

Avogada Teléfono 673 91 84 64

Correo electrónico juana.tenreiro@aspontes.org

ARES

ENDEREZO R/ Real s/n – 15624. Ares

CONTACTO Cita previa 981 44 83 54

cim@concellodeares.com

COIRÓS

ENDEREZO Edificio de usos múltiples, 55 A Coirós
15316 - A Coruña

CONTACTO Cita previa 981 776 296

Concello de Pontedeume

Servizos de saúde

ENDEREZO Avda. Ricardo Sánchez, 036 (15600)
Pontedeume

CONTACTO

| | |
|--------------------|--------------|
| Información | 981 49 56 66 |
| Cita previa | 981 43 39 15 |

Servizos sociais

ENDEREZO Rúa Real, 17 (15600) Pontedeume

CONTACTO 981 43 32 88

Policía Local

ENDEREZO Avda. Ricardo Sánchez, s/n. Edif. Forendes (15600)-
Pontedeume

CONTACTO 981 19 20 09 - 629 66 63 24 (De 6:30 a 21:00h)

Garda Civil

ENDEREZO R/ Vilar, 9 (15600)

CONTACTO 981 43 00 31

Servizo de asesoramento xurídico para mulleres

ENDEREZO Edificio do Xulgado (Avda. do Peirao, s/n)

CONTACTO **Cita previa** 981 433 288
Horario: Venres de 9.00 -13.00h

Centros de información á muller (CIM) da Comarca e arredores

AS PONTES

ENDEREZO R/ Rosalía de Castro, 28- 2º. Edif. Casa Dopeso, 15320. As Pontes

Cita previa 981 44 10 08

Teléfono 667 12 93 34

CONTACTO Psicóloga **Correo electrónico** carmen.rego@aspontes.org

Teléfono 673 91 84 64

Avogada (só venres) **Correo electrónico** juana.tenreiro@aspontes.org

ARES

ENDEREZO R/ Real s/n – 15624. Ares

981 46 81 02

Cita previa cim@concellodeares.com

Outros recursos de información

- **Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero. Portal web.**

Poderás atopar información sobre a violencia de xénero, os recursos dispoñibles, estatísticas e estudos.

- **Buscador de recursos de apoio e prevención da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero**

Este recurso permite atopar no mapa os recursos de apoio máis próximos, en función da ubicación e o tipo de recurso. Conta, ademais, cunha busca por proximidade, aportando os recursos máis cercanos a partir do enderezo introducido.

- **Xunta de Galicia. Portal web Mulleres en Galicia.**

Atoparás información sobre recursos, prestacións, subvencións e programas postos en marcha en Galicia para favorecer a igualdade entre mulleres e homes.

- **Xunta de Galicia. Guía de Recursos fronte á violencia de xénero en Galicia**

A Guía de Recursos da Xunta de Galicia recolle todos os recursos dispoñibles para combater a violencia de xénero en Galicia.

- **Xunta de Galicia. Mapa de recursos fronte á violencia de xénero.**

Este recurso permite atopar no mapa os recursos de apoio máis próximos, en función da ubicación e o tipo de recurso.

Esta publicación foi elaborada no marco do Programa Elas da Asociación Euroeume e financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

